

LISTAXE DE LIBROS PARA O 2º TRIMESTRE

- *22 segundos*, Eva Mejuto. Xerais, 136 páx. Este libro relata anacos da infancia e adolescencia dun mozo transexual que, desde os primeiros anos sabe que a súa identidade de xénero non coincide co sexo que lle asignaron ao nacer. Unha obra que busca visibilizar, desde a empatía, un colectivo de persoas historicamente silenciadas e denigradas que loita por que as leis e a sociedade deixen de consideralas enfermas.
- *Cartas de inverno*, Agustín Fernández Paz. Xerais, 176 páx. Despois dunha longa estadía en Canadá, o escritor Xabier Louzao volve a Galicia e atópase coas cartas que o seu amigo Adrián lle escribira durante a súa ausencia. Unhas cartas que descubren os estraños sucesos que está a vivir Adrián na súa nova casa e que levan a Xabier a acudir na súa axuda. Os dous amigos terán que enfrontarse a misterios que talvez as persoas nin tan sequera somos quen de imaxinar.
- *Corredora*, María Reimóndez. Xerais, 115 páx. Corredora é unha historia colectiva de superación deportiva. Recolle a tradición atlética de Etiopía na busca activa de talentos entre as crianzas do rural ou empobrecidas nas cidades.
- *Heartstopper. Rapaz coñece rapaz*. Xerais, banda deseñada (versión en galego). O Charlie e o Nick están no mesmo instituto, mais nunca se coñeceron... ata o día en que teñen que sentar xuntos. Axiña se fan amigos, e o Charlie comeza a namorar do Nick, aínda que pensa que non ten ningunha oportunidade. Mais o amor funciona de xeitos sorprendentes.
- *O achado do Castro*, Manuel Singala. Galaxia, 75 páx. O autor lévanos á Roma antiga, mais faino xogando coa lingua obrigando a que os personaxes falen coma nós, con termos de hoxe en día, o que nos leva a situacións moi cómicas desde un "Latín" un chisco especial. Como boa historia romana, hai un emperador, soldados, filósofos e... unha historia de amor. Unha lectura engaiolante.
- *Unha estrela no vento*, Leticia Costas. Xerais, 224 páx. Unha estrela no vento é a historia de Miguel Foz, un estudante de 17 anos dun instituto vigués. Comproba como o seu mundo se derruba dun día para outro; farto do seu pai, da súa profesora de literatura, de toda a xente que o rodea, síntese que é diferente a todos.